



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010339

Referencia: BINV-AH/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 – ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 29785, do 16 de xullo de 2024, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2024, na área de artes e humanidades, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

No prazo de alegacións concedido Guillermo Rodríguez Alonso e Sergio Meijide Casas presentaron a desistencia á súa solicitude polo que pasan a ser titulares das bolsas o primeiro e segundo suplente.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro -Aceptar as desistencias das solicitudes presentada por Guillermo Rodríguez Alonso e Sergio Meijide Casas

Segundo .- **Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: CAMINO PLAZA, LAURA MARÍA

NIF:***0156**

Expediente: 2024000018201

Obxecto da bolsa: Rosalía 2.0: catalogación, estudo e dixitalización da iconografía sobre Rosalía de Castro

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: CIDRÁS FUENTES, ALDARA

NIF: ***6355**

Expediente: 2024000017813

Obxecto da bolsa: Xulgadas. A violencia xudicial golpista contra as mulleres na provincia da Coruña durante a guerra civil (1936-1939)

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: GARCÍA FERREIRA, RAFAEL

NIF:***0828**

Expediente: 2024000018331

Obxecto da bolsa: A orde pública na Galicia contemporánea no contexto da Europa dos séculos XIX e XX.

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: OTERO RODRÍGUEZ, TELMO

NIF:***7453**

Expediente: 2024000018407

Obxecto da bolsa: Salas de cine, patrimonio sociocultural e memoria cinematográfica no mundo rural. (A Coruña, 1950-1975)

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: PIÑEIRO PEDREIRA, SANDRA

NIF:***7561**

Expediente: 2024000016180

Obxecto da bolsa: Reunir o disperso, recordar o perdido: o fondo documental de Santa María de Sobrado (A Coruña) na época medieval

Importe da bolsa: 10.000 €

Terceiro- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación número 220240009082 , por importe total de 50.000 €

Cuarto.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación.

Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.